

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 10 DE OUTUBRO DE 2005

4.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Acórdase a aprobación inicial de oito subvencións para vivendas do casco histórico que de seguido se detallan polo importe de 148.456,64 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
M ^a José Noya Ansede, en representación da comunidade de propietarios	Campo da Estrela, 2	28.544,43
Juan Alfonso Méndez-Benegassi Carrasco, en representación de Magdalena Gamallo Carlos	R/ Cardeal Payá, 2	30.684,52
Manuel Novía Castro, en representación da comunidade de propietarios	Praza de Mazarelos, 11	36.846,41
M ^a Manuela Besteiro Piñeiro	R/ San Clemente, 12	2.257,83
Jesusa Salvado Vigo	R/ San Pedro, 18	7.726,51
Celia Gil Muñoz	Praza de Mazarelos, 11-3 ^o	8.882,99
Juan Manuel Pintos Martínez	R/ Castrón Douro, 8	15.079,90
Manuel Fco. Barbeitos Alcántara	A Costa Nova de Abaixo, 13	18.434,05

Acórdase a aprobación definitiva de unha subvención para vivendas do casco histórico (Convenio Área de Rehabilitación- 4^a fase) que de seguido se detalla polo importe de 7.220,14 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Plácido Conde Neira	R/ Lagartos, 40	7.220,14

Acórdase a aprobación definitiva de unha subvención para vivendas do casco histórico (Consortio) que de seguido se detalla polo importe de 7.220,14 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Modesto Bello Casares	Ruela das Fontiñas, 6-1 ^o	6.390,88

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Persoal e Réxime Interior relativa á contratación dun docente para impartir o curso "A protección de datos de carácter persoal".

Acórdase contratar a Juan Antonio Herández Corchete para impartir as tres edicións da actividade formativa: "A protección de datos de carácter persoal", dirixido aos grupos A B e C. O importe das tres edicións a razón de 90 euros por hora impartida ascende a 5.400 euros.

8.- Proposta da Alcaldía relativa á ratificación da solicitude da empresa mixta de xestión do Multiusos do Sar para a adaptación dun local de oficinas para cafetería na dita instalación.

A Comisión Executiva do Consorcio acordara autorizar a Santiago López Cuadrado, en representación da empresa mixta de xestión do Multiusos do Sar, a adaptar un local de oficinas para cafetería na citada instalación. Ratifícase a solicitude formulada por Santiago López Cuadrado o 4-7-2005.

11.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa á aprobación do estudo de necesidades para o asentamento das organizacións sociais na Casa das Asociacións, e a súa adxudicación.

Apróbase o proxecto elaborado pola empresa Xegalia Galega de Xestión S.L. dun estudo de necesidades para proporcionar ao Departamento de Servizos Sociais unha ferramenta estratéxica e de xestión que permita un inicio e asentamento estábel e axeitado ás

organizacións sociais na Casa das Asociacións. O custo do estudo ascende a 11.900 euros e a proposta de financiación é:

Subvención Plan Concertado.....4.000 euros

Subvención Voluntariado.....6.700 euros

Aportación Concello.....1.200 euros.

12.- Proposta da Concelleira Delegada de Cemiterios relativa á actualización das tarifas por prestación de servizos no Tanatorio municipal.

Apróbanse as novas tarifas por servizos do tanatorio municipal de Santiago.

SERVIZO OFERTADO	TARIFAS ANO 2005 (€uros IVE non incluído)
TANATOSALAS	
TANATOSALA	332
CAMARA	48
50% TANATOSALA	166
CAPELA ARDENTE MODELO 1	205
CAPELA ARDENTE MODELO 2	76
CONSERVACIÓN E EMBALSAMAMENTO	
ACONDICIONAMENTO	64
SALA EMBALSAMAMENTO SERVIZO INTERNO	38
SALA EMBALSAMAMENTO SERVIZO EXTERNO	165
TRASLADOS	
FUNDA DE LONA PARA TRASLADOS	66
FILTRO DEPURADOR DE GASES	31
SOLDADURA/PRECINTO	32
CREMATORIO	
CREMACION	244
URNAS	
URNA DE MADEIRA	207
URNA DE ALABASTRO	207
URNA DE BRONCE MODELO 5	247
URNA DE BRONCE MODELO 3	293
URNA DE BRONCE MODELO 8	336
URNA DE CRISTAL	378
URNA DE LATON	73
MEDIAS URNAS DE LATON	45
EXPOSITOR CRISTAL CON SOPORTE MOD.1	48
EXPOSITOR CRISTAL CON SOPORTE MOD.2	45
VARIOS	
CAPELA/FUNERAL	104
LIBRO DE SINATURAS 1	52
LIBRO DE SINATURAS 2	14
RECLINATORIO	12
HABITO	23

SABANA/SUDARIO	16
SABANA/SUDARIO ESPECIAL	33
ESPRAI DESINFECTANTE	8
DESDE AS 24 HORAS DE TANATOSALA, CADA HORA ADICIONAL	20 euros/hora

14.- Adxudicación do subministro de ordenadores persoais para o Concello.

Acórdase rexeitar a oferta presentada pola empresa IMARO SL e adxudícase o subministro de referencia á empresa COREMAIN SL por importe de 80.000 euros, IVE incluído.

15.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación da asistencia técnica para a dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde para o proxecto de accesibilidade e supresión de barreiras.

Acórdase adxudicar a licitación de referencia á empresa Samuel Folguera Arias, por importe de 13.379,39 euros, IVE incluído.

16.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación do subministro de roupa de traballo para o persoal da Brigada de Vías e Obras.

Acórdase adxudicar o subministro de referencia á empresa POSIMAR SL polo importe de 8.990,70 euros, IVE incluído.

17.- Proposta do Concelleiro Delegado de Facenda relativa á adxudicación da asistencia técnica para a realización dun estudo sobre os fluxos de información entre os distintos departamentos do Concello usuarios de datos relacionados co territorio.

Acórdase contratar á empresa Gestión Tributaria territorial SA para a realización do estudo sobre os fluxos de información entre os distintos departamentos do Concello usuarios de datos relacionados co territorio, por un importe de 7.000 euros, IVE incluído.

18.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á aprobación do gasto de colectivos especiais e bolseiros do programa "Á Auga Patos".

Acórdase aprobar o gasto de 4.134 euros que corresponde aos 106 participantes que o Concello aprobou como gratuítos e que debe abonarse a XADE a razón de 39 euros, que é a cantidade que esta empresa recibe de cada alumno que acude ao programa.

19.- Aprobación inicial do proxecto de urbanización da U número 4 do Plan Especial da Cidade Histórica.

Acórdase aprobar inicialmente o proxecto de urbanización U-4 da Caramoniña do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica formulado por Construcciones Otero Pombo S.A e redactado polo arquitecto Víctor López Cotelo. Esta unidade de actuación, onde está prevista a construción de 23 vivendas unifamiliares (cunha edificabilidade máxima de 2.580 m²), está limitada pola rúa de Teo e a ruela da Caramoniña e atravesada pola Travesa do Escultor Asorey. A unidade está situada no borde do casco histórico e ocupa unha posición "altamente sensible" por canto limita dunha banda co parque de San Domingos de Bonaval e doutra cunha extensión urbana da cidade de menor calidade edificada en circunstancias ben distintas ás da propia cidade histórica. No ámbito prodúcese certa discontinuidade da trama urbana polo baleiro creado polo propio parque, a grande extensión do solar que ocupa o Colexio La Salle a a difícil accesibilidade pola forte pendente que ten a rúa da Caramoniña. A intervención trata pois de articular ambas zonas coa seguintes propostas:

- Completar a actual estrutura das rúas de Teo e Travesa do Escultor Asorey reforzando o seu carácter lineal.
- Manter o singular carácter da rúa da Caramoniña e os seus muros de pedra.
- Salvar os espazos entre edificacións –cun alto desnivel topográfico- mediante terrazas e axardinamentos integrándose na estrutura de bancadas actual.
- Realizar o entronque da travesa do Escultor Asorey e a ruela da Caramoniña sen romper a escala nin o carácter de ambas, permitindo resolver a accesibilidade desde o parque de Bonaval a esta zona e facilitando o acceso e a continuidade do traxecto peonil previsto no Plan Especial.